

Historia Salvaxe

XOÁN BRANCO E A GRAN REVOLTA IRMANDIÑA

Fran
Zabaleta



**XOÁN BRANCO E
A GRAN REVOLTA
IRMANDIÑA**

Fran Zabaleta

Do texto: © 2024 Fran Zabaleta
Da edición: © 2024 Los Libros del Salvaje

Primeira edición en Nigra Trea: novembro 2011
Primeira edición en Los Libros del Salvaje: xuño 2024
Colección editorial: Historia Salvaxe

Título
Xoán Branco e a gran revolta irmandiña

Ilustracións de cuberta e interior: Laura G. Loaisa

Edición e maquetación: Fran Zabaleta

Editorial
Los Libros del Salvaje

Aldea A Pousa, 3
32816 Celanova (Ourense)

ISBN: 978-84-127675-4-4
Depósito Legal: OU 127-2024

A editorial Los Libros del Salvaje está convencida de que o *copyright* estimula a creatividade, permite aos autores vivir dignamente do seu esforzo e o seu traballo, defende a diversidade e é ferramenta fundamental para que a cultura viva e medre. Por iso, agradecemos que mercaras unha edición autorizada deste libro e que respectes as leis do *copyright* ao non reproducir, escanear nin distribuír ningunha parte desta obra por ningún medio sen permiso expreso do autor e/ou a editorial. Ao facelo, respaldas os credores e permites que Los Libros del Salvaje continúe publicando libros. Se desexas fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra, dirixete a CEDRO, o Centro Español de Dereitos Reprográficos: cedro.org.

ÍNDICE

PRÓLOGO	7
1. Os «tempos rotos»: a Galiza do século xv	11
2. O rei impotente contra o neno Afonso	27
3. Xoán Branco, un escribán de Betanzos	37
4. Os anos da «irmandade escura»	47
5. A organización da Gran Irmandade	59
6. Os gorrións corren tras os falcóns	73
7. O bo goberno das Xuntas de Irmandade	87
8. O retorno dos falcóns	99
9. Xoán Branco, a lenda do home xusto	113
SOBRE MIN	119
MANIFESTO SALVAXE	121



PRÓLOGO

Esta é a historia dun home que soñou unha revolución. Unha revolución como nunca antes se vira, capaz de pór do revés o mundo e de levar a paz e a xustiza a unha terra que só coñecía a miseria e a brutalidade. Esta é a historia dun home que soñou un mundo mellor... e que non quedou de brazos cruzados.

É moi probable que nunca oíras falar de Xoán Branco, escribán de Betanzos e capitán xeral da Gran Irmandade do reino de Galiza. Pasou xa moito tempo dende que viviu, máis de cincocentos anos, e a historia devora con fame os homes e os seus soños. Sobre todo, os que non se adornan con títulos e dignidades.

Pero canto vas ler aquí sucedeu de verdade, polo menos ata onde podemos sabelo. E transformou a túa existencia. Probablemente, ti mesmo tiveches un antepasado que formou parte desta revolución soñada por Xoán Branco, un tataravó que un día xa afastado ergueu contra os seus señores, derrubou castelos e fortalezas e loitou para que os seus fillos gozasen dun mundo mellor que o que el coñecera.

E é que o soño de Xoán Branco era contaxioso... e fíxose realidade. A gran revolta irmandiña, acontecemento

fundamental da historia non só de Galiza senón de toda Europa, foi un fenómeno de dimensións ata entón descoñecidas, unha revolución de todos os viláns —campesiños, pescadores, burgueses, mercadores, pastores ou artesáns, tanto cristiáns como xudeus ou musulmáns— contra os seus señores feudais, os mesmos que, aínda que tiñan ao seu cargo o mantemento da orde e da paz, dedicábanse á pillaxe, ao saqueo e a impor tributos e cargas á súa vontade.

Aquela foi a primeira revolta europea que ergueu todo un pobo e conseguíu impor, aínda que por un breve período de tempo, unha nova orde social baseada na xustiza e a equidade. Á súa fronte estaban as Xuntas da Irmandade do reino de Galiza, o antecedente da actual Xunta de Galiza, que foron quen de facer fuxir os nobres, extirpar o bandoleirismo, organizar a administración de xustiza, o poder militar e o cobro de tributos en representación do rei e impoñer a paz.

Todo iso ocorreu aquí, nesta Galiza que hoxe é tan distinta... e, con todo, en certa forma, tan parecida. Xoán Branco foi un dos homes que soñou aquela revolución e que loitou por convertela en realidade. Un dos principais, un dos que se empeñaron desde o principio nunha loita desigual. Con todo, por desgraza, sabemos moi pouco del. Datos soltos, alusións aquí e alá nas páxinas de vellos documentos que nos permiten formarnos unha idea de como foi, pero non nos deixan penetrar como quixésemos na súa vida. A historia, non o esquezades, escríbena os vencedores, que contan sempre só o que lles interesa. E esta revolución, ao remate, foi derrotada... polo menos aparentemente, porque as súas consecuencias deixáronse sentir durante moito tempo e cambiaron, en certa forma, o noso mundo.

Sabemos pouco de Xoán Branco, dicíavos, porque a historia levou con ela os seus días como follas de carballo no vento de outono. Pero o que sabemos del bástanos para comprender que Xoán Branco debeu de ser un personaxe excepcional, unha desas figuras que, a forza de vontade, conseguen transformar a vida dos seus semellantes.

Por iso creo que é importante contar a súa vida, o pouco que sabemos, e deixar constancia escrita dos seus soños, que forman parte xa da nosa riqueza común.

Porque son as xentes como Xoán Branco as que nos fixeron como somos, son eles, a miúdo esquecidos ou silenciados, os que fan avanzar a historia.

Agardo que gocedes, pois, coas páxinas que seguen. Estou seguro de que descubriredes nelas unha Idade Media moi distinta á que imaxinabades...



OS «TEMPOS ROTOS»: A GALIZA DO SÉCULO XV

Antes de saír o sol, a Martiño espértao o canto do galo. Abre os ollos e contempla na penumbra o interior da choupana onde vive a súa familia. Escoita os ronquidos do seu pai, a respiración sosegada da súa nai e o soño inquedo do irmán maior, ao seu carón. Dormen todos xuntos nuns xergóns de palla e cóbrense cunhas vellas mantas de la. Nunca semellan suficientes, pero polo menos a vaca, que dorme na mesma estancia, dálles algo de calor.

A casa de Martiño é humilde, como a maioría das casas da aldea na que vive, no interior de Galiza. Ten estrutura de madeira e paredes feitas con palla e barro amazocado. O tellado é de colmo de centeo, entretecido de forma moi densa para facelo impermeable. Martiño só coñece dous edificios de pedra, e os dous son tan imponentes que nin se lle pasa pola cabeza o que sería vivir neles: a igrexa da aldea e a torre do señor, que se alza sobre un outeiro próximo.

Con coidado de non espertar os demais, Martiño aparta a manta e diríxese ás apalpadelas ao exterior. Ten xa sete anos e a súa responsabilidade é dar para comer aos animais, así que sempre é o primeiro en erguerse. Non lle importa, está afeito. Sabe que todos deben colaborar se queren ter algo que comer...



A Idade Media exerce unha curiosa fascinación sobre nós, os habitantes da Europa do século XXI. Fixádevos se non na proliferación de «festas medievais» polas nosas vilas e cidades, cos seus mercados cheos de deliciosos manxares, os seus torneos de cabaleiros, os vistosos traxes de época, os xogares ou as asombrosas demostracións de cetrería. Un espectáculo cheo de maxia e encanto que a todos atrae... Pero que, temo, non ten moito que ver coa realidade.

Pola contra, a vida na Idade Media non era doada. Non o era para os campesiños, que formaban a maior parte da poboación: traballo duro, vivendas miserables, condicións precarias... Xa fosen servos ou propietarios libres, o seu diario quefacer estaba suxeito aos caprichos dos poderosos e ameazado polas continuas guerras, as enfermidades e as condicións sempre cambiantes do tempo atmosférico. Un ano de seca ou de excesivas choivas significaba fame para o seguinte. E, se o mal tempo persistía, a escasa alimentación e a falta de hixiene favorecían a expansión das pragas, que provocaban grandes mortaldades.

Tampouco era unha vida doada para os habitantes das cidades e os nobres. Tíñano algo mellor, certo, pero tamén eles pasaban privacións e vivían sometidos aos vaivéns da natureza. Se as colleitas dos labregos eran escasas, as cidades non tiñan comida para mercar e os prezos dos alimentos subían, arruinando a artesáns e mercadores. Os nobres, que vivían do excedente dos seus servos e vasalos, vían reducidos os seus ingresos e, a miúdo, obrigados a loitar contra outros señores feudais para incrementar o nú-

mero dos seus servos e poder así manter os homes de armas que defendían os castelos.

Se a vida na Idade Media non era doada, a Galiza do século xv debeu de ser o máis parecido a un inferno na terra. E non o digo por dicir. O século anterior xa fora especialmente duro. Entre 1348 e 1350, a peste negra provocou a morte de máis da terceira parte da poboación europea. Pensade por un momento o que suporía que unha de cada tres persoas que coñecedes morrese de súpeto por enfermidade...

Ninguén sabía que contaxiaba a peste, ninguén sabía como salvarse, daba igual que foses nobre, artesán, clérigo ou campesiño. Agora sabemos que a praga pasaba de rata en rata a través das pulgas, pero entón, para moitos, aquilo era simplemente un castigo de Deus. Crían que chegara a fin do mundo e as igrexas enchéronse de fieis. Outros retiráronse aos seus castelos nun intento por illarse e burlar á Parca, ou se adicaron a gozar canto puidesen antes de que a Dona da Gadaña os levase. A sociedade quedou desestruturada, as autoridades desaparecidas, as terras abandonadas. O impacto psicolóxico que deixou a Peste Negra perdurou durante séculos. Ademais, desde entón en diante as pestes reproducíanse cada poucos anos, provocando en cada ocasión unha gran mortalidade. A vida, que nunca fora segura, volveuse case imposible.

Por se non chegara ca peste, no século xiv comezou tamén un período de guerras continuas que hoxe coñecemos como a guerra dos Cen Anos, que durou de 1337 a 1453. Aínda que enfrontaba fundamentalmente a Francia e Inglaterra, unha das súas consecuencias foron as loitas dinás-

ticas que estalaron en Castela entre o rei Pedro I o Cruel e o seu medio irmán Henrique de Trastámara, e que remataron coa morte de Pedro e a coroación de Henrique como rei. Galiza, que apoiara en gran medida ao monarca derrocado (que era o lexítimo gobernante) e que sufrira na súa pel moitos enfrontamentos, foi desde entón vista con receo polos reis casteláns... que a castigaban esquecéndose dela.

Non foi todo. Nada máis rematar a guerra civil, estalou un novo conflito, desta volta entre o novo rei Henrique de Castela e o reino de Portugal. Galiza apoiou a Portugal, que perdeu a guerra, e a nosa terra volveu sufrir loitas e devastaciónes. E aínda faltaba por intervir Xoán de Gante, un príncipe inglés que casara con Constanza de Castela, filla do rei deposto Pedro I, ao que non se lle ocorreu outra cousa que desembarcar na Coruña en 1372 cun exército para reclamar os seus dereitos ao trono. Ocupou A Coruña, Betanzos, Ourense, Ribadavia, Pontevedra, Muros e Noia. Outra vez, guerra e destrución. E, de novo, Galiza estaba no bando perdedor.

Con tales liortas, imaxino que os galegos de entón (polo menos, os galegos que levaban conta dos anos, que eran ben poucos) celebrarían a chegada do século xv como un tempo novo, unha oportunidade para deixar atrás as calamidades e iniciar a paz e a reconstrución.

Arre demo!, que equivocados estaban...

O caso é que o novo século comezou revolto, unha vez máis. O problema viña de atrás: os reis da nova dinastía Trastámara non se fiaban moito dos belicosos nobres galegos, polo que Henrique II propuxérase repartir os cargos

máis importantes desta terra entre os seus fieis. Os que foran tradicionalmente os grandes nobres de Galiza, os Castro, desapareceron do mapa, e coa súa desaparición perderon influencia e riquezas cantos lles apoiaban. Unha nova xeración de cabaleiros de fortuna, habituados á guerra e desvinculados do territorio, ambiciosos e sen respecto algún pola xerarquía nobiliaria, foise impondo. No lugar dos Castro establecéronse dúas liñaxes foráneas como as principais do reino: os Enríquez de Castro, parentes reais que se converteron en novos condes de Trastámara, e os Sarmiento de Ribadavia, adiantados maiores de Galiza. Con eles ascenderon moitos pequenos cabaleiros de aquí que apoiaran á nova dinastía e que agora querían cobrar o esforzo realizado: os Andrade, Moscoso, Soutomaior, Mariñas, etc. Eran os vencedores e querían a súa recompensa.

Imaxínade a situación: de súpeto, as antigas casas nobiliarias desaparecen. Eles, os Castro, eran os tradicionais intermediarios entre o reino e o monarca, e na práctica actuaban como verdadeiros reis de Galiza. Eles canalizaban as queixas e as aspiracións da nobreza, dos burgueses e dos campesiños, eles repartían cargos e mercés e eran, en fin, a voz de Galiza ante a coroa castelá.

A súa desaparición supuxo a desmembración da antiga orde social. Unha mancha de pequenos nobres viron chegada a súa oportunidade para medrar e acadar posicións de poder. Outros, chegados de fóra, decatáronse de que ou se impuñan pola forza ou ían quedar sen a súa parte do pastel. E claro, pasou o que tiña que pasar: desatáronse unha infinidade de pequenos enfrontamentos, loitas entre

nobres polo control de territorios e presións sobre os mosteiros (converterse en encomendeiro dun mosteiro, algo así como o seu «protector», era algo moi ambicionado, pois os mosteiros eran ricos e pagaban con xenerosidade —á forza— a protección dos cabaleiros. Claro que, con gran frecuencia, esa protección non era pedida, senón imposta a base de espadas... contra o propio mosteiro e os seus vasallos, os labregos).

Pero non bastaba con situarse ben, isto é, como se dicía entón, «ter casa e estado», que tal era a aspiración de todo nobre que se prezase. Ademais, unha liñaxe debía velar polos seus, polas súas clientelas de ricoshomes, cabaleiros menores e escudeiros, que eran os que daban forza á súa casa. Os grandes nobres, coma os Trastámara, os Sarmiento, Lemos, Andrade, Pimentel e Soutomaior, tiñan que repartir mercés entre os seus para gañarse as súas lealdades, sempre dubidosas. E, para iso, era preciso dominar cada vez maiores territorios e posuír máis labregos. Cantos máis peiteiros (viláns que pagaban peitas, impostos) estivesen baixo o control dunha casa nobiliar, máis riqueza tiña esta... e máis podía repartir entre os seus.

Así pois, este era o panorama a mediados do século xv: unha fartadela de «novos nobres», moitos recentemente chegados e outros recentemente «ascendidos», loitando entre si por apoderarse de cantos máis territorios mellor, aínda que iso supuxese con frecuencia atacar aldeas, vilas ou cidades do veciño.

A situación xa sería bastante mala, pero outro elemento agravaba a situación: a crise xeral do feudalismo que

viña arrastrándose desde o século anterior. O fenómeno é común a toda Europa occidental e está relacionado co crecemento das cidades e o incremento do poder da burguesía urbana, entre outras causas.

Durante séculos, o feudalismo medieval baseouse nunha férrea estruturación da poboación, dividida *grosso modo* en cregos, nobres e campesiños (*oratores, bellatores, laboratores*). Pero esa sociedade estíbese desintegrando. As cidades non encaixaban naquel esquema mental pechado, autosuficiente e illado do exterior. As cidades eran «focos de infección» de novas ideas, de xentes libres, de ricos comerciantes e artesáns, eran centros de poder que loitaban por librarse da opresión dos nobres e do clero. Os reis, que sempre dependeran dos cabaleiros para facer a guerra, comezaban a utilizar milicias cidadás e a formar exércitos de infantés e arqueiros, viláns na súa maioría pero, sorprendentemente, moito máis efectivos que os exércitos tradicionais. A cabalería nobiliar, custosa e conflitiva, iniciaba o camiño cara á súa extinción. Os nobres —e a Igrexa— non tardaron en decatarse de que a situación se lles estaba a escapar das mans. Os monarcas apoiaban cada vez máis abertamente ás cidades para librarse das presións da nobreza e os burgos conseguían foros especiais para gobernarse. Moitos campesiños, fartos de malas colleitas, fames, impostos e abusos, emigraban ás cidades en busca da cobizada liberdade, co que o campo se despoboaba... e os nobres vían diminuír as súas rendas.

Resumindo: a mediados do século xv, Galiza está en pé de guerra contra si mesma. As cidades enfróntanse aos

seus señores, polo xeral bispos (que actúan como nobres laicos), para obter liberdades e o dereito a gobernarse a si mesmas. Os nobres, esa nova nobreza trastamarista, tratan de afianzar o seu poder, pero canto máis se esforzan, máis difícil lles resulta.

É un círculo vicioso: manter un exército é moi caro, e ademais as guerras causan moitos mortos entre os campesiños e fan que estes fuxan ás cidades, polo que os campos quedan baleiros e os nobres obteñen menos rendas... cas que pagar aos seus exércitos. Non lles queda outra entón que subir os impostos e atacar novos territorios para ter máis vasalos e poder manter o seu estilo de vida, pero canto máis presionan, menos obteñen. Entón, moitos comezan a atacar directamente aos mercadores, a secuestrar viaxeiros para pedir rescates, a aloxar bandidos nos seus castelos para que fagan por eles o traballo sucio a cambio dunha parte do botín. E, de novo, o círculo vicioso: canto máis insegura é a situación, menos mercadores arriscan as súas vidas para comerciar e máis campesiños foxen ás cidades. A interrupción do comercio provoca escaseza de alimentos e aumento dos prezos... co que os nobres —e, con eles, toda a sociedade— empobrecen. Como vos dicía, un círculo interminable de violencia: un inferno. Son os «tempos rotos» dos que falan os cronistas, tempos de calamidades e desgrazas sen fin.

Para que vos fagades unha idea máis precisa da situación, velaquí unha relación dos principais conflitos que ocupan ás grandes casas nobres de Galiza alá pola metade do século xv, empezando polas catro liñaxes foráneas máis